

Música

Voces Ceibes en versión coral

Título: Porgalezca.

Autor: Coro Universitario de Barcelona.

Editorial: Master.

O anunciado disco do Coro Universitario Galego de Barcelona, dirixido por César del Caño é xa unha realidade, verbo da súa edición e distribución na Galiza, e para se referir a el é preciso reparar a atención no repertorio do mesmo, baseado en composicións (dez) de cantautores, maiormente galegos, co cal o afeizoado interesado no panorama da especie, pode recapitular, e observando o pasado inmediato, matinar sobre realidades coma:

En Euskadi, no ano 1990, unha morea de grupos rock versionearon en disco composicións de Mikel Laboa, patriarca da canción basca; en Portugal aconteceu algo parecido en 1994 coa gravación colectiva de *Filhos da madrugada cantam José Afonso*; neste ano que andamos J.M. Serrat rende homaxe aos pioneiros da "cançó" no disco "Banda sonora dún temps dún país", e así poderíamos continuar con algún outro caso semellante, ata preguntarmos, e no noso país?

Na Galiza emigrante, o Coro Universitario Galego de Barcelona resgata parte do repertorio de *Voces Ceibes*, e inclúe senllas composicións catalana -LL. Llach-, basca -M. Laboa- e portuguesa -J. Afonso-, de aí o título do disco: *Porgalezca*, xa que están presentes as culturas galega, euskera e catalana, amáis do engadido *por*, referido a Portugal, aínda que nesta ocasión tamén pode ser entendido coma "a prol de", segundo reivindicación política implícita na intención da obra, que se completa cun relato, *Seoane e as andoriñas*, no que o Coro protagonista comparte gravación coa Aula Universitaria Galega — igualmente de Barcelona— de Teatro Eduardo Blanco-Amor.



Má-
lia a súa condición de galega, por mor do repertorio escollido, a formación coral está integrada non só por paisanos emigrados en Catalunya, senón tamén por universitarios procedentes dos propios Países Cataláns, de México, Islándia, Italia, Illas Canarias, de Estados Unidos, etc., co cal, o afeizoado xa pode intuír a variedade fonética que se rexistra nas interpretacións. Outro rasgo distintivo da amplitude de contidos na gravación é a súa riqueza musical; non en balde o director do Coro ten experimentado nos diversos camiños do canto coral. Falar de César del Caño é facelo, primeiro do Orfeón Unión Orensana, e despois, xa en Barcelona, do Coro do Gran Teatre del Liceu, Orfeó Catalá, varios coros de cámara, do Octeto de jazz A Capela, etc. Só con esa bagaxe e formación pode lograrse un disco tan variado coma este.

O *swing* da música de cor abre a obra co tema de Bibiano-C.E. Ferreiro *Samba prá mocidade*; o *Enterro do neno probe*, de L. Pimentel-Benedicto é cantado cunha sutileza tal que o oínte apenas percebe o final da canción. Máis leda e graciosa quedou a composición de Guillermo Rojo *Quen tivera vinte anos*; un tema standard da nosa música coma *María Soliña*, do C.E. Ferreiro-Xavier G. del Valle, é desenvolvido cun amplo abano de tonalidades vocais, que mesmo semellan o son

do vo das "gueivotas sobre Cangas"; engaiolante é o despliegue coral na composición de X. Les-X. Moscoso *O umbral*, pero o seu tratamento desta vez despista a respecto do dramático texto cantado. Unha das cancións emblemáticas da xeira escolmada, *O camaleón*, de

V. Araguas, gana nunha divertida combinación de voces na que, seguramente, é a versión máis lograda do disco; *Ti Galiza*, de Miro-X. Costa Clavell, ven sendo como a canción xa gravada no seu día, pero multiplicada na interpretación polas corenta voces do Coro, incluído o seu director. O murmúrio insinuante acompaña á delicada versión do tema basco escollido, *Txorria Txori*, de M. Laboa; de Ll. Llach non deron precisamente co prototipo de canto colectivo, do que o catalán tén abondosas mostras: nesta ocasión *Vinyes verdes vora el mar* foi a canción escolmada, e ó tratarse dun tema lírico, recórrase a unha voz solista, que en primeiro plano reproduce o espírito orixinario da canción, sendo unha característica comun a outras versións do disco. No *Canto moço* de J. Afonso, o respecto á histórica gravación do seu autor é igualmente máximo, pero a interpretación desenvólvese a xeito de ritmo lento e canto prolongado.

O Coro Universitario Galego de Barcelona resgata parte do repertorio de *Voces Ceibes*, e inclúe senllas composicións catalana, basca e portuguesa

As distintas voces completan coas variadas tonalidades unha ampla gama sonora, froito da distribución do Coro en base a baixos, contraltos, mezzo-sopranos, sopranos e tenores. Con todo isto *Porgalezca* semella un disco, desde logo logradísimo, pero tamén atípico: non é habitual, polo menos eiqüi en Galiza, achegar repertorio de cantautores ao mundo do *bell canto* —por suposto que non me esquezo da *Coral De Ruada*, cando fixo o próprio con *Milho verde*, tamén do Z. Afonso—.

A respecto da montaxe teatral *Seoane e as andoriñas*, Antón Casal e Camilo Valdehorras manifiestan "que se trata sinxelamente dun bosquejo dramático, como un xogo de voces e figuras sobre a Galiza emigrante. Un paseo por unha pequena exposición da obra plástica e poética do autor, o relato íntimo dunha historia de emigrados, un retábulo político sobre as luces e as sombras do exilio forzado". Naturalmente, as palabras e imaxes de Luis Seoane son o cerne desta sorte de proposta rapsódica.

Temos, pois, que *Porgalezca* é toda unha obra, xa que, amáis, a súa edición fáise en forma de disco-libro, co cal o afeizoado máis cualificado pode facerse coas partituras de todas as composicións incluídas na gravación, e reparar a atención en dados reveladores do noso devir musical recente. Por exemplo, saben en que ano e por que desapareceron *Voces Ceibes*? Coñecían as inquedanzas cinematográficas de Miro Casabella, ou a decisiva contribución da Editorial Galaxia para que fosen realidade os primeiros discos de canción en galego?

Ao longo das noventa e cinco páxinas do libro vaise detallando, en base a diversos artigos e recortes de prensa, a xénese e desenrolo da obra, fichas dos cantautores versionados, a breve historia do Coro intérprete, dándose testemuña fotográfica da gravación, realizada na Capella de l'Esperança, en pleno Bairro Gótico barcelonés. ♦

XOAN M. ESTÉVEZ